



CAMELIA DO XAPÓN

Camellia japónica

SABÍAS QUE...? A camellia está considerada a flor de Galicia, onde hai máis de 2.000 variedades. Ademais, o Xardín da Casa-Museo de Rosalía de Castro de Padrón está incluído na Ruta da Camellia.

É a especie de Camellia máis coñecida. Pertence á familia das teáceas. O xénero é nativo de Asia Oriental. O 90% das especies coñecidas actualmente procede de China. Está amplamente distribuída por China, Xapón, Corea, Vietnam, Laos, Cambodia, Thailandia, illas Formosa, Birmania, Borneo, Sumatra, Xava. Introduciuse en Europa no século XVIII, e crese que chegou a Portugal antes que, a Inglaterra, e de alí difundíuse o seu cultivo a España, sobre todo a Galicia, onde a súa presenza remóntase a principios do 1800. No século XIX chegou a Australia dende Inglaterra. Actualmente cultívase tamén en Estados Unidos e Nova Zelandia.

Nome común: Camellia de Japón (cast.); Camellia do Xapón (gal.); Common Camellia (ingl.).

Etimoloxía:

- Camellia: nome xenérico outorgado en honra do botánico e misioneiro xesuíta do século XVII Josef Camel (tamén coñecido como Camellus), que foi o primeiro en describilas e debuxalas nunha viaxe a Filipinas a bordo dun galeón español. Carlos Linneo nomeou a este xénero na súa honra
- japonica: epíteto xeográfico que alude á súa localización en Xapón

Descrición da especie: A planta é un arbusto ou árbore pequena, de crecemento lento, de 5-10 m de altura, perennifolio, moi ramificada, con ramas marrón-grisáceas e glabras. A forma da planta é moi variable, dende compacta e recta, ata aberta e espaxada. As follas son pecioladas, con lámina amplamente elíptica ou oblongo-elípticas, co feixe verde escuro e o envés máis pálido, grosas e co bordo dentado. A forma é moi variable, algunhas son longas e estreitas, outras puntiagudas, outras máis redondeadas, e mesmo algúns cultivares teñen follas variegadas. As flores son axilares ou subterminais, solitarias ou en parellas. As plantas silvestres teñen 5 - 7 pétalos soldados na base e escotados no ápice, pero nas variedades "Alba Plena" cultivadas, a cantidade de pétalos pode ser superior. A cor tamén varía dende a branca máis pura ata a vermella máis rabiosa, pasando por tódalas tonalidades de rosa e vermella. A forma das flores pode ser sinxela, semidobres, anemone, peonia, dobre incompleta ou forma de rosa, e dobre formal ou informal. Floración de xaneiro a marzo. O froito é seco e só aparecen variedades con flores simples ou semidobres con carpelos fértiles.

